

MODIFICACIÓN DOS ARTIGOS 4 E 5 DO REGULAMENTO DE ESTUDOS DE POSGRAO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao da Universidade de Vigo (REOP), aprobado polo Consello de Goberno o 14 de marzo de 2007 e modificado polo Consello de Goberno o 16 de abril de 2010 e o 8 de febreiro de 2012, tiña como obxecto regular os aspectos básicos dos estudos oficiais de posgrao, de acordo co R.D. 56/2005.

Na actualidade, os estudos de máster están regulados polo R.D. 1393/2007 (modificado polo R.D. 861/2010), onde se indica que a finalidade destes estudos é a adquisición, por parte do/a estudante, dunha formación avanzada, de carácter especializado ou multidisciplinar, orientada á especialización académica ou profesional, ou ben á iniciación das tarefas investigadoras.

Por outra banda, no Consello de Goberno de 20 de xullo de 2012, foi aprobado o novo Regulamento de Estudos de Doutoramento (RED) que adapta os estudos de doutoramento ao R.D. 99/2011 do 28 de xaneiro de 2011 (modificado polo RD 534/2013). Na disposición derogatoria única deste regulamento, establécese que quedaba derogada toda a normativa reguladora dos estudos de doutoramento e de elaboración e defensa da tese de doutoramento recollida no REOP.

Neste novo marco normativo dos estudos de posgrao, correspóndelle aos centros (ou unidades docentes creadas ao respecto) propor ao Consello de Goberno a implantación, modificación, extinción e suspensión dun título de máster. Tamén correspóndelle a xestión académica e económica do máster, a xestión das prácticas en empresa, así como o seu proceso de seguimento conforme ao sistema de calidade do centro ao cal está adscrito o máster.

Por todo o anterior, é necesario revisar e actualizar os artigos 4 e 5 do REOP. Elimínase o artigo 5 do REOP e fórmulase o artigo 4 do seguinte xeito:

4. Organización, xestión e asignación de docencia dos estudos oficiais de máster

O responsable académico do máster será o centro a través da comisión académica do máster (CAM).

Cando se trate de programas interuniversitarios, ou realizados por colaboración con outras entidades, a coordinación das institucións implicadas regularase a través do correspondente convenio.

A composición da CAM será aprobada polo Centro. O/A coordinador/a do máster enviará ao Centro responsable a proposta de membros da mesma para a súa aprobación en Xunta de Centro.

A CAM estará presidida polo/a coordinador/a do máster. Naqueles casos nos que varios másteres compartan unha mesma CAM, esta poderá estar presidida polo/a director/a do centro e os/as coordinadores necesariamente formarán parte da CAM.

Son funcións da CAM:

1. Elaborar, e no seu caso, modificar o regulamento de réxime interno da propia comisión, o cal deberá ser remitido á Comisión de Estudos de Posgrao para a súa aprobación.

2. Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento de horarios de clases e tutorías, depósito das guías docentes das materias na Secretaría do Centro de adscrición do máster) e velar pola dispoñibilidade dos espazos (aulas, laboratorios, equipos de videoconferencia, etc.), en coordinación co centro.

3. Seleccionar os/as estudantes admitidos/as no programa.

4. Emitir informe para o recoñecemento de créditos conforme á normativa da Universidade de Vigo.

5. Elaborar o PDA/POD do máster no prazo especificado pola Universidade. Para o POD, a CAM poderá contar co persoal docente da Universidade de Vigo, así como profesorado externo cualificado. A elección do persoal docente deberá cumprir cos criterios obxectivos que acorde a CAM.

6. Aprobar a distribución do orzamento asignado ao máster

7. Todas aquelas que lle sexan encomendadas polo Centro responsable do máster, relativas á organización académica da titulación.

Coordinador/a do máster:

A Xunta de Centro nomeará coordinador/a a un/unha profesor/a doutor/a con vinculación permanente a tempo completo, quen necesariamente deberá ser docente do máster.

Tamén poderá ser coordinador o director/a ou decano/a do Centro, na súa calidade de responsable de todos os títulos da Facultade ou Escola.

Son funcións do coordinador/a:

1. Ser o/a interlocutor/a do máster cos servizos e órganos de goberno da Universidade de Vigo.

2. Ser o/a responsable de decidir as actividades a desenvolver que teñan repercusión orzamentaria.
3. Ser o/a último/a responsable de cumprimentar e pechar as actas de cualificación.
4. Calquera outra que lle encomende a CAM ou o centro

Disposicións transitorias

1. As actuais CAM poderán manter a súa composición e funcións se así o desexan ata que modifiquen a memoria da titulación.
2. Nos antigos másteres de investigación para os que aínda existe alumnado matriculado no programa de doutoramento asociado, a CAM exercerá as tarefas que se describen no RED no seu artigo 6, agás acordo posterior da Escola de Doutoramento.

Entrada en vigor

Esta modificación do REOP entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.

ANEXO. Redacción anterior dos artigos 4 e 5 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao

Artigo 4. Organización e xestión

4.1- A responsabilidade dos estudos oficiais de posgrao corresponderalles aos centros ou ás unidades docentes creadas ao respecto.

Cando se trate de programas interuniversitarios, a coordinación das institucións implicadas regularase a través do correspondente convenio.

4.2- Cada POP terá un/unha coordinador/a profesor/a doutor/a con dedicación exclusiva na Universidade de Vigo.

4.3 Os POP contarán cunha comisión académica formada por:

- Presidente/a, que será o/a coordinador/a do POP.
- Secretario/a nomeado/a pola dirección do centro no que estea adscrito o POP
- Un membro da comisión de calidade do Centro no que estea adscrito o POP, nomeado polo centro.
- Catro vogais que impartan docencia no POP. Na súa selección procurase que se garanta a representación dos ámbitos das materias presentes no plan de estudos.

Todos os membros teñen voz e voto e as súas decisións adoptaranse por maioría simple en forma de acordos. A Comisión Académica reunirse por iniciativa do/a seu/sua presidente/a, do/a vicerreitor/a competente en materia de POP, ou a petición de catro dos seus membros.

Son funcións da Comisión Académica:

1. Elaborar, e no seu caso, modificar o regulamento de réxime interno da propia comisión que deberá ser aprobado pola Comisión de Estudos de Posgrao.
2. Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica (cumprimento de horarios de clases e titorías, depósito da guía docente das materias na secretaria do centro de adscrición do POP), velar pola dispoñibilidade dos espazos (aulas, laboratorios, equipos de vídeo conferencia, etc.).
3. Seleccionar/os/as estudantes admitidos/as no programa.
4. Emitir informe para o recoñecemento de competencias.
5. Formular as demandas de recursos humanos e materiais, debidamente xustificadas.
6. Seleccionar os/as estudantes/as para bolsas ou estadias de mobilidade noutros centros ou institucións nacionais e do Espazo Europeo de Educación Superior baixo os principios de igualdade e concorrencia competitiva.
7. Aquelas que nun futuro se determinen, e estean recollidas no Regulamento Interno da Comisión Académica do POP.

Artigo 5. Asignación da docencia

A asignación de docencia realizarase inicialmente coa aprobación do programa, tendo en conta os obxectivos formativos dos programas oficiais de posgrao. A asignación deberá contar coa aceptación do profesorado e a comunicación á vicerreitoría con competencias na materia, e deberá especificar o número de créditos que lle corresponde a cada profesor/a.

No caso de que non se dispoña de todos o recursos humanos necesarios no momento da presentación da proposta, deberá indicarse a previsión da súa provisión.

O profesorado deberá ter o título de doutor/a no caso de materias que poidan ser recoñecidas como parte do período de formación dun/dunha doutor/a.

A programación docente de posgrao oficial aprobada só poderá ser modificada por causas xustificadas, á proposta da comisión académica do POP e aprobada pola Comisión de Estudos de Posgrao, e deberá respectar en todo caso os obxectivos do título aprobado. Estas modificacións tramitaranse de acordo cos procedementos establecidos pola comunidade autónoma.